



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 481

VIII legislatura

31 de maio de 2011

Fascículo 2

## SUMARIO

(Versión electrónica en [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es))

### 1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.2.1. Proxectos de lei

Aceptación da ampliación do prazo de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia

- 08/PL-0027(64321)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia

[144242](#)

### 4. Procedementos de información

#### 4.4. Respostas a preguntas

- 08/4PRE-2495(44250)(65085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a exclusión da lingua galega nunha publicación científica editada pola Consellería de Cultura

[144245](#)

- 08/4PRE-4184(47244)(65094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o número de visitantes do Centro Galego de Arte Contemporáneo nos anos 2008, 2009 e 2010

[144247](#)

- 08/4PRE-9820(59857)(65100)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a situación da Unidade de Atención Temperá do Hospital Materno-Infantil da Coruña

[144249](#)

- 08/5PRE-1209 (52871)(65098)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio Javier e 8 deputados máis

## SUMARIO

---

Sobre as repercusións na promoción da cultura galega da presenza de Santiago de Compostela e da súa catedral nas actividades do Museo Metropolitano de Arte de Nova York con motivo do Ano Santo

[144252](#)

- 08/5PRE-2032(61081)( 65089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto

Sobre as instalacións deportivas das distintas administracións galegas que dispoñen na actualidade dun desfibrilador automático, o persoal encargado do seu funcionamento e a súa formación [144255](#)

- 08/5PRE-2212(61442)( 65090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto

Sobre os datos relativos ao actual cadro de profesores da Escola de Enfermería de Ourense e a necesidade da súa ampliación para impartir o segundo grao [144260](#)

- 08/5PRE-2213(61444)( 65097)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto

Sobre os datos relativos á incidencia do pechamento do Hospital de Toén no número de camas do Complexo Hospitalario de Ourense, as condicións de seguridade do Hospital de Santa María e as obras necesarias para habilitar novas camas [144262](#)

- 08/5PRE-2217(61450)( 65096)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto

Sobre os datos referidos ás excepcións admitidas dende a entrada en vigor do novo Catálogo de fármacos implantado en Galicia [144264](#)

- 08/5PRE-2219(61452)( 65103)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto

Sobre as razóns existentes para o traslado dos lactantes a outra planta, ao remate da obras que se están a realizar nos espazos destinados á atención pediátrica no Complexo Hospitalario de Ourense, e as melloras previstas nas condicións e instalacións que ocupan estes pacientes [144266](#)

- 08/5PRE-2375(61664)( 65104)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa e 2 deputados máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dun acordo con Portugal para converter o Hospital Comarcal de

Verín nun complexo transfronteirizo no que tamén se preste atención sanitaria a pacientes do norte dese país, nomeadamente nos partos, e as posibles repercusións no hospital galego [144269](#)

- 08/5PRE-2524(61986)( 65105)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto

Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para materializar o seu compromiso de dotar dun servizo de fisioterapia de atención primaria aos centros de saúde de Trives e O Castro [144270](#)

- 08/5PRE-2544(62088)( 65092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a evolución dos pagamentos pendentes aos provedores da Consellería de Sanidade [144271](#)

- 08/5PRE-2759(62321)( 65102)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito e Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre as razóns da Consellería de Sanidade para excluír a lingua galega para a presentación de ofertas ou solicitudes de participación nunha campaña publicitaria de prevención do alcoholismo anunciada no Diario Oficial da Unión Europea [144273](#)

- 08/5PRE-2774(62347)( 65101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito e Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre as previsións de mellora do tratamento do cancro de mama dispensado ás mulleres da comarca do Morrazo [144276](#)

- 08/5PRE-2787(62426)( 65095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa e 2 deputados máis

Sobre os motivos alegados no recurso administrativo presentado contra a adxudicación das obras para a construción do novo hospital de Vigo, as actuacións paralizadas e o seu impacto no calendario previsto para este fin [144278](#)

- 08/5PRE-2929(62670)( 65087)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e 2 deputados máis

Sobre o motivo da visita realizada polo Sr. presidente da Xunta de Galicia aos terreos nos que se vai construír o novo hospital de Vigo, o inicio das obras e o estado dos procesos de expropiación [144280](#)

- 08/5PRE-2935(62694)( 65088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Adán Villamarín, María do Carme e 2 deputados máis  
Sobre as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Univer-  
sitaria para garantir a liberdade relixiosa individual de todo o alumnado  
galego, e, nomeada e conxuntamente co dereito á educación, ás nenas  
que empregan na súa vida cotiá o hiyab, ou velo islámico [144282](#)

- 08/5PRE-2955(62783)( 65180)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén e 2 deputados máis  
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para paralizar o proxecto de  
musealización para a entrada en funcionamento do Museo do Viño  
de Galicia na comarca do Ribeiro, e o calendario previsto para a súa  
posta en marcha [144284](#)

- 08/5PRE-3304(63361)( 65091)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto  
Sobre as razóns da demora pola Consellería de Sanidade da reno-  
vación do convenio asinado co hospital Povisa de Vigo e as súas  
posibles repercusións, así como a posibilidade da súa subscrición  
con outra empresa e as ofertas existentes [144286](#)

- 08/5PRE-3310(63381)( 65084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre os motivos polos que se exclúe do programa Camiños de Cul-  
tura aos concellos que participan na Rede Galega de Teatros e Audi-  
torios [144287](#)

- 08/5PRE-3337(63623)( 65181)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Lage Tuñas, José Manuel  
Sobre o impacto na sociedade galega da implantación da televisión  
dixital terrestre [144289](#)

- 08/5PRE-3365(63784)( 65086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Viéitez Alonso, Henrique  
Sobre as obras de construción da estación depuradora de augas  
residuais na Cañiza [144293](#)

- 08/5PRE-3369(63857)( 65093)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén e Adán Villamarín, María do Carme  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do remate dos tra-  
ballos de restauración da capela da Virxe do Camiño e a realización  
dalgunha inspección para verificar a posible deterioración dos seus  
elementos [144295](#)

- 08/5PRE-3476(64185)( 65178)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Burgo López, María Concepción e Varela Sánchez, Ricardo Jacinto  
Sobre as previsións da Consellería de Cultura e Turismo respecto da  
execución das tarefas de mantemento e limpeza necesarias, así  
como o arranxo das luminarias na muralla romana de Lugo, e as  
razóns da demora do asinamento do contrato plurianual para o seu  
mantemento, así como dun convenio coa Universidade de Santiago  
de Compostela para a realización das investigacións precisas para  
ese fin [144297](#)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 31 de maio de 2011, adoptou o seguinte acordo:

## 1. Procedementos de natureza normativa

### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

#### 1.2.1. Proxectos de lei

#### Aceptación da ampliación do prazo de emendas ao articulado ao proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia

- 08/PL-0027(64321)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia

BOPG núm. 462, do 03.05.2011

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1.º) Prorrogar o prazo de presentación de emendas ao articulado ao proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia ata o 6 de xuño de 2011, ás 18.30 horas.

2.º) Notificarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

3.º) Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2011

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

A Mesa do Parlamento, na reunión do 31 de maio de 2011, adoptou os seguintes acordos

## 4. Procedementos de información

### 4.4. Respostas a preguntas

#### Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 08/4PRE-2495(44250)(65085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a exclusión da lingua galega nunha publicación científica editada pola Consellería de Cultura

BOPG núm. 316, do 20.09.2010

- 08/4PRE-4184(47244)(65094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o número de visitantes do Centro Galego de Arte Contemporáneo nos anos 2008, 2009 e 2010

BOPG núm. 327, do 05.10.2010

- 08/4PRE-9820(59857)(65100)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a situación da Unidade de Atención Temperá do Hospital Materno-Infantil da Coruña

BOPG núm. 417, do 24.02.2011

- 08/5PRE-1209 (52871)(65098)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio Javier e 8 deputados máis

Sobre as repercusións na promoción da cultura galega da presenza de Santiago de Compostela e da súa catedral nas actividades do Museo Metropolitano de Arte de Nova York con motivo do Ano Santo

- 08/5PRE-2032(61081)( 65089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto

Sobre as instalacións deportivas das distintas administracións galegas que dispoñen na actualidade dun desfibrilador automático, o persoal encargado do seu funcionamento e a súa formación

BOPG núm. 430, do 15.03.2011

- 08/5PRE-2212(61442)( 65090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto

Sobre os datos relativos ao actual cadro de profesores da Escola de Enfermería de Ourense e a necesidade da súa ampliación para impartir o segundo grao

BOPG núm. 434, do 21.03.2011

- 08/5PRE-2213(61444)( 65097)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto  
Sobre os datos relativos á incidencia do pechamento do Hospital de Toén no número de camas do Complexo Hospitalario de Ourense, as condicións de seguridade do Hospital de Santa María e as obras necesarias para habilitar novas camas  
BOPG núm. 434, do 21.03.2011

- 08/5PRE-2217(61450)( 65096)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto  
Sobre os datos referidos ás excepcións admitidas dende a entrada en vigor do novo Catálogo de fármacos implantado en Galicia  
BOPG núm. 434, do 21.03.2011

- 08/5PRE-2219(61452)( 65103)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto  
Sobre as razóns existentes para o traslado dos lactantes a outra planta, ao remate da obras que se están a realizar nos espazos destinados á atención pediátrica no Complexo Hospitalario de Ourense, e as melloras previstas nas condicións e instalacións que ocupan estes pacientes  
BOPG núm. 434, do 21.03.2011

- 08/5PRE-2375(61664)( 65104)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bouza Santiago, Ana Luisa e 2 deputados máis  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dun acordo con Portugal para converter o Hospital Comarcal de Verín nun complexo transfronteirizo no que tamén se preste atención sanitaria a pacientes do norte dese país, nomeadamente nos partos, e as posibles repercusións no hospital galego  
BOPG núm. 435, do 22.03.2011

- 08/5PRE-2524(61986)( 65105)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto  
Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para materializar o seu compromiso de dotar dun servizo de fisioterapia de atención primaria aos centros de saúde de Trives e O Castro  
BOPG núm. 439, do 28.03.2011

- 08/5PRE-2544(62088)( 65092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a evolución dos pagamentos pendentes aos provedores da Consellería de Sanidade  
BOPG núm. 439, do 28.03.2011

- 08/5PRE-2759(62321)( 65102)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lobeira Domínguez, Bieito e Bouza Santiago, Ana Luisa  
Sobre as razóns da Consellería de Sanidade para excluír a lingua galega para a presentación de ofertas ou solicitudes de participación nunha campaña publicitaria de prevención do alcoholismo anunciada no Diario Oficial da Unión Europea  
BOPG núm. 439, do 28.03.2011

- 08/5PRE-2774(62347)( 65101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lobeira Domínguez, Bieito e Bouza Santiago, Ana Luisa  
Sobre as previsións de mellora do tratamento do cancro de mama dispensado ás mulleres da comarca do Morrazo  
BOPG núm. 439, do 28.03.2011

- 08/5PRE-2787(62426)( 65095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bouza Santiago, Ana Luisa e 2 deputados máis  
Sobre os motivos alegados no recurso administrativo presentado contra a adxudicación das obras para a construción do novo hospital de Vigo, as actuacións paralizadas e o seu impacto no calendario previsto para este fin  
BOPG núm. 443, do 04.04.2011

- 08/5PRE-2929(62670)( 65087)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Adán Villamarín, María do Carme e 2 deputados máis  
Sobre o motivo da visita realizada polo Sr. presidente da Xunta de Galicia aos terreos nos que se vai construír o novo hospital de Vigo, o inicio das obras e o estado dos procesos de expropiación  
BOPG núm. 443, do 04.04.2011

- 08/5PRE-2935(62694)( 65088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Adán Villamarín, María do Carme e 2 deputados máis  
Sobre as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para garantir a liberdade relixiosa individual de todo o alumnado galego, e, nomeada e conxunta-

mente co dereito á educación, ás nenas que empregan na súa vida cotiá o hiyab, ou velo islámico

BOPG núm. 443, do 04.04.2011

- 08/5PRE-2955(62783)( 65180)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 2 deputados máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para paralizar o proxecto de musealización para a entrada en funcionamento do Museo do Viño de Galicia na comarca do Ribeiro, e o calendario previsto para a súa posta en marcha

BOPG núm. 443, do 04.04.2011

- 08/5PRE-3304(63361)( 65091)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto

Sobre as razóns da demora pola Consellería de Sanidade da renovación do convenio asinado co hospital Povisa de Vigo e as súas posibles repercusións, así como a posibilidade da súa subscripción con outra empresa e as ofertas existentes

BOPG núm. 451, do 14.04.2011

- 08/5PRE-3310(63381)( 65084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os motivos polos que se exclúe do programa Camiños de Cultura aos concellos que participan na Rede Galega de Teatros e Auditorios

BOPG núm. 451, do 14.04.2011

- 08/5PRE-3337(63623)( 65181)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre o impacto na sociedade galega da implantación da televisión dixital terrestre

BOPG núm. 451, do 14.04.2011

- 08/5PRE-3365(63784)( 65086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique

Sobre as obras de construción da estación depuradora de augas residuais na Cañiza

BOPG núm. 455, do 20.04.2011

- 08/5PRE-3369(63857)( 65093)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do remate dos traballos de restauración da capela da Virxe do Camiño e a realización dalgunha inspección para verificar a posible deterioración dos seus elementos

BOPG núm. 455, do 20.04.2011

- 08/5PRE-3476(64185)( 65178)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e Varela Sánchez, Ricardo Jacinto

Sobre as previsións da Consellería de Cultura e Turismo respecto da execución das tarefas de mantemento e limpeza necesarias, así como o arranxo das luminarias na muralla romana de Lugo, e as razóns da demora do asinamento do contrato plurianual para o seu mantemento, así como dun convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para a realización das investigacións precisas para ese fin

BOPG núm. 460, do 29.04.2011

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2011

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 44250**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez e dona Ana Belén Pontón Mondelo sobre **“a exclusión da lingua galega nunha publicación científica editada pola Consellería de Cultura”**, (publicada no BOPG núm. 316, do 20 de setembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“O Xacobeo 2010 foi particularmente prolífico nos eidos da reflexión e da investigación sobre o fenómeno xacobeo a través de diversas iniciativas tales como o patrocinio de congresos, seminarios e ciclos de conferencias ou o programa de publicacións, achegando aos nosos cidadáns diversos espazos e medios de encontro e de xeración de coñecementos, dende unha óptica interdisciplinar e transversal, nos que a cultura e a lingua galega foron absolutos protagonistas.

No eido da publicación científica, o Xacobeo foi quen de xerar novos proxectos, como a revista de investigación Ad Limina, que naceu da man do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, garantindo a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo a presenza da lingua galega na versión electrónica do seu primeiro número, o que permite a difusión dos seus contidos na rede.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


A Consellería de Cultura e Turismo e a S. A. de Xestión do Plan Xacobeo están plenamente comprometidas co respecto dos dereitos lingüísticos dos galegos e galegas e da legalidade vixente no tocante ao uso da lingua galega, así como coa normalización, promoción e emprego sistemático do galego nas súas publicacións, comunicacións e portais web.

Neste sentido, S.A. de Xestión do Plan Xacobeo reitera a súa utilización habitual e sistemática da lingua galega en todos os seus canais de comunicación e construíu a totalidade da programación de actividades do pasado ano 2010 sobre o pilar fundamental da internacionalización da cultura e da lingua propias de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

  
Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia







XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 47244**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **"o número de visitantes do Centro Galego de Arte Contemporáneo nos anos 2008, 2009 e 2010"**, (publicada no BOPG núm.: 327, do 5 de outubro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"Dende que se iniciou a actual lexislatura, un dos obxectivos básicos da Consellería de Cultura e Turismo no referente ao Centro Galego de Arte Contemporánea -CGAC- foi incidir na súa visibilidade pública e na máxima difusión posible da súa actividade. Uns obxectivos que continúan a ser prioritarios, dentro do actual contexto orzamentario, de xeito que se poida afianzar a tendencia de lixeiro aumento no número de visitas a esta institución, que supuxo pasar dos aproximadamente 48.000 visitantes no ano 2009 aos 53.000 visitantes no pasado ano 2010."



**XUNTA DE GALICIA**


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2011



O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

  
Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 59857**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e dona Ana Luísa Bouza Santiago, sobre **"a situación da Unidade de Atención Temperá do Hospital Materno-Infantil da Coruña"**, (publicada no BOPG núm. 417, do 24 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Unidade de Atención Temperá e Rehabilitación Infantil do Hospital "Teresa Herrera" da Coruña conta cun Equipo Multidisciplinar formado por profesionais que pertencen ao SERGAS e a Servizos Sociais; estes últimos funcionalmente forman parte do Equipo Multidisciplinar pero administrativamente pertencen a Servizos Sociais, situación que se mantén dende o ano 1996, en que se fusionaron as dúas Unidades de Atención Temperá que existían na Coruña e que se situaban no Hospital "Teresa Herrera" e no Centro Base do INSERSO.

O Equipo Multidisciplinar actual ocúpase da asistencia rehabilitadora a todos os nenos en idade pediátrica e está formada por:

- 3 Médicos Rehabilitadores
- 1 Psicóloga
- 1 Traballadora Social
- 3 Terapeutas de Estimulación Precoz



- 4 Fisioterapeutas
- 2 Terapeutas Ocupacionais
- 2 Logoterapeutas
- 1 Psicomotricista
- 2 Auxiliares de Enfermería
- 1 Auxiliar Administrativa

As Áreas Terapéuticas actuais son:

Fisioterapia, Terapia Ocupacional, Estimulación Precoz, Logopedia e Psicomotricidade.

A procedencia dos nenos que son atendidos nesta Unidade de Atención Temperá e Rehabilitación Infantil:

- Servizos do propio Hospital (Neonatoloxía, Lactantes, Pre-Ecolares, Escolares, Neuropediatría, Oncoloxía, Cardioloxía Infantil, Cirurxía Cardíaca, Neumoloxía Pediátrica, Saúde Mental Infantil, Cirurxía Ortopédica Infantil, etc.
- Servizos extrahospitalarios: Atención Primaria, Hospitais da Área Sanitaria (públicos, concertados, privados, etc)
- Outras Áreas Sanitarias a través do Servizo de Admisión do Hospital.

Para atender esta demanda e garantir a correcta atención aos nenos que o requiran estamos a optimizar ao máximo os recursos humanos e materiais de que dispoñemos e a establecer Redes de Coordinación Asistencial Intra e Extrahospitalarios (Atención Primaria, Servizos de Educación, Servizos Socio-Sanitarios, etc.)

É indiscutible que canto antes se diagnostique ou se sospeite da presenza de factores nocivos para a saúde do neno e se tomen as medidas oportunas, os resultados serán mellores. Por esta razón estamos valorando a situación



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

funcional do neno e determinando a súa gravidade e as medidas a tomar dende o primeiro momento.

As solicitudes de demanda asistencial que chegan á Unidade son valoradas e clasificadas polos Médicos Rehabilitadores segundo a urxencia que presenten.

No momento actual o tempo de espera é o seguinte:

- Urxente: resposta inmediata.
- Preferente: dúas semanas de demora máxima
- Ordinaria: un a tres meses segundo patoloxía.


Dende o punto de vista terapéutico a resposta tratamos que sexa o máis breve posible:

- Urxente: tratamento inmediato
- Preferente: Non máis de 15 días.
- Ordinario: Menos de 3 meses.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2011

O director Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 52871**, formulada polo Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia, a iniciativa de don Ignacio Javier López-Chaves Castro e varios/as deputados/as máis, sobre **"as repercusións na promoción da cultura galega da presenza de Santiago de Compostela e da súa catedral nas actividades do Museo Metropolitano de Arte de Nova York con motivo do Ano Santo"**, (publicada no BOPG núm. 342 do 27 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Cultura e Turismo, no marco da súa política de internacionalización e promoción da cultura galega, decidiu promocionar - aproveitando a celebración do Xacobeo 2010 e a conmemoración no presente ano 2011 do VIII Centenario da Consagración da Catedral Románica de Santiago de Compostela- a presenza da Catedral de Santiago de Compostela e dos Camiños de Santiago nun dos máis destacados e emblemáticos museos de arte do mundo, co fin de dar a coñecer o patrimonio histórico galego e impulsar accións nun mercado turístico que se considera estratéxico para Galicia.

De xeito concreto, os diversos actos englobados no programa "Celebrating the Cathedral of Santiago", celebrados no Metropolitan Museum of Art de Nova York, incluíron:



- Un ciclo de conferencias no edificio do museo, realizado do 1 de outubro ao 12 de novembro de 2010, no que intelectuais e investigadores de recoñecido prestixio falaron de diversos temas referidos a Galicia, o Camiño e a Catedral de Santiago de Compostela.
- E a presentación, o 14 de novembro, no auditorio principal do museo, da maqueta virtual da Catedral Románica de Santiago e o seu entorno, realizada pola Universidade de California; presentación que foi acompañada dun concerto de música medieval relacionada coa basílica compostelana e a peregrinación xacobeana na Idade Media, celebrado na sección do museo adicada á arte medieval.

Á repercusión que supón de seu para a promoción de Galicia a mera presenza da Catedral de Santiago durante máis dun mes e medio na programación dunha institución co prestixio internacional do Museo Metropolitano de Nova York -o segundo máis visitado do mundo e que conta cunha páxina web visitada por preto de 40 millóns de persoas ao ano, así como cunha gran presenza nas redes sociais que, en casos como o de Facebook, acada a día de hoxe máis de 461.000 adhesións - hai que engadir a previa publicitación do evento, realizada pola propia institución museística con máis dun mes de antelación á celebración destes actos, e que supuxo en suma o protagonismo da Catedral de Santiago de Compostela e do Camiño de Santiago durante máis de dous meses e medio.

Así mesmo, a alta calidade intelectual e o interese cultural dos contidos presentados pola Xunta de Galicia foron recoñecidos pola propia institución de acollida e respaldados pola presenza do público. Así o avalan os datos oficiais de asistencia facilitados polo propio Museo:

- Máis de 600 participantes no ciclo de conferencias celebradas en outubro e novembro, na sala "Sacerdote Lectura Hall" do "Uris Center



for Education”, tendo que ser completado en todas as ocasións o aforo da sala prevista (120 personas) con outra sala anexa de 80 plazas.

- E unha cifra total de 573 asistentes (sen contar cos participantes e convidados) só no “Sunday at Met”, que tivo lugar o 14 de novembro e que incluíu a presentación da reconstrucción virtual da Catedral, dúas conferencias e un concerto.

En definitiva, a Consellería de Cultura e Turismo realizou un evento cultural de gran nivel nunha institución internacionalmente recoñecida pola calidade e repercusión do seu programa de eventos, incidindo así no obxectivo de promocionar e dar a coñecer o Camiño de Santiago no ámbito norteamericano e internacional.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

  
  
Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia







XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 61081**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e don Modesto Pose Mesura sobre **"as instalacións deportivas das distintas administracións galegas que dispoñen na actualidade dun desfibrilador automático, o persoal encargado do seu funcionamento e a súa formación"**, (publicada no BOPG núm. 430, do 15 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Fundación Pública urxencias Sanitarias de Galicia-061 (FPUS-061) é a institución encargada da autorización e rexistro de desfibriladores semiautomáticos para o seu uso por persoal non médico, segundo o Decreto 99/2005.

A día de hoxe, dispoñen de desfibrilador semiautomático (DESA), autorizado e inscrito no rexistro da Fundación as seguintes instalacións deportivas:

- Piscina Multiusos Sar
- Multiusos do Sar – recepción
- Multiusos Santa Isabel
- Club del Mar de San Amaro



- Termaria
- Complexo Deportivo Rías do Sur
- Centro Deportivo Municipal San Diego
- Piscina Municipal de Riazor
- Piscina Municipal de Rianxo
- Pabellón Polideportivo Concello de Burela
- Club Deportivo Torre
- Pavillón Multiusos da Xunqueira de Pontevedra
- Pavillón Municipal de Deportes de Pontevedra
- Campo de herba sintética 1 (Pontevedra)
- Piscina Municipal de Vilagarcía
- Piscina USC
- Polideportivo Santa Icíá
- Polideportivo As Lagoas
- Polideportivo A Gándara
- Campo de Fútbol Canabal Narón
- Campo de Fútbol Rioseco Narón

Así mesmo, teñen iniciado o proceso de tramitación da autorización para o seu uso, as seguintes instalacións deportivas:

- Piscina Municipal de Oleiros



- Concello de Carballo. Patronato Municipal
- Pavillón de Deportes UDC
- Gimnasio Aqualife (Lugo)
- Club Deportivo Lugo
- Club Fluvial Lugo
- Mondariz Balneario
- Federación Galega de Actividades Subacuáticas

En caso de ser necesario o seu uso por darse unha situación de parada cardiorrespiratoria (PCR), a persoa encargada de utilizalo é a persoa formada no seu uso, é dicir, con coñecementos de reanimación cardiopulmonar (RCP) con DESA, que nese momento estea presente no lugar.

A inscrición no rexistro DESA da FPUS-061, de acordo coa lexislación vixente, compromete á entidade propietaria do dispositivo na aplicación correcta do protocolo de actuación ante un caso de parada cardiorrespiratoria asistido con DESA (CODIGO 3). Os puntos básicos do protocolo son:

1. Comunicación á Central de Coordinación da FPUS-061 (CCUS), a existencia dun Código 3.
2. Aplicación da guía de actuación correspondente a esta situación tal e como se especifica nos cursos de formación. A FPUS-061 comprométese a notificar ás institucións incluídas dentro do rexistro os cambios xurdidos nos protocolos de actuación, sendo responsabilidade do usuario a actualización necesaria do software de configuración para adecuarse a ditos protocolos.



3. Cumprimentación da folla de datos, estilo Utstein, facilitada pola FPUS-061 e que xunto ao arquivo informático do caso, remitirase á mesma, o antes posible.
4. Facilitar o seguimento do caso polo médico instrutor da FPUS-061 designado que poderá solicitar mais datos polo caso ou entrevistarse cos intervincentes se fose preciso.
5. Os participantes na actuación poden solicitar do médico instrutor, a visualización e revisión do caso.
6. Comunicar á FPUS-061 as incidencias que se produzan.

Polo tanto, todas actuacións, no caso de que sexan necesarias, serán realizadas por unha persoa formada no uso do desfibrilador, e supervisadas polo 061.

O 061 verifica que todas as persoas que as institucións comunican como posibles usuarios cumpran os requisitos de formación establecidos no Decreto 99/2005. Esta formación inclúe coñecementos de reanimación cardiopulmonar e manexo no uso do DESA, ten 9 horas de duración, e pode ser impartido polo 061 ou calquera entidade formativa autorizada.

A reciclaxe periódica é bianual.

Todas as recomendacións internacionais (revisadas e actualizadas en 2010) insisten na importancia da aplicación correcta da reanimación cardiopulmonar básica polas testemuñas no caso dun paro cardíaco, xa que é unha das actuacións que ten demostrada a súa eficacia no aumento da supervivencia nestes casos, polo que a recomendación de realizar reciclaxes segue vixente.

O 061 foi pioneiro en regular e recomendar a formación e a reciclaxe do persoal que usa estes desfibriladores, permitindo que durante estes anos a poboación galega teña acceso a desfibrilación segundo os estándares internacionais.”



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/bl

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 61442**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e don Modesto Pose Mesura sobre **“os datos relativos ao actual cadro de profesores da Escola de Enfermería de Ourense e a necesidade da súa ampliación para impartir o segundo grao”**, (publicada no BOPG núm. 434, do 21 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“

Número de docentes curso académico 2010/2011	Número de docentes médicos/as	Número de docentes enfermeiros/as	Número de docentes enfermeros/as a tempo completo	Número de docentes a tempo parcial
34	18	16 (*)	3	31

(\*) dous docentes: unha licenciada en filoloxía inglesa, e unha doutora en psicoloxía.

O abono das clases é a 55,03 euros por hora impartida, por o número de créditos da materia.

Respecto da selección de profesores a tempo parcial o Decreto 242/2008, do 9 de outubro, polo que se regulan a natureza, os fins e os órganos de goberno das escolas universitarias de enfermería dependentes da Consellería de Sanidade



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

establece entre as funcións do/a director/a 'propor ao padroado a designación ou cesamento do profesorado e persoal non docente de acordo coa normativa vixente', e 'solicitar a universidade a correspondente venia docendi para o profesorado' (Artigo 17).

O profesorado a tempo parcial ven colaborando co centro de xeito continuado desde a súa constitución (os/as docentes responsables das materias podían contar coa axuda de colaboradores da súa elección). Dende o ano 2009, pola reorganización da docencia, véñse reducindo o número de profesores a tempo parcial (en especial de colaboradores). Nos casos nos que é necesario a incorporación de novos docentes por razóns puntuais procédese á selección por méritos curriculares por parte do centro.

Respecto da ampliación do profesorado a tempo completo, no documento de compromiso da facultade de enfermería de Ourense coa Universidade de Vigo para o ano 2010 dise que 'a incorporación do persoal académico de forma progresiva á nova titulación de Grado así como o fomento da investigación para o cumprimento dos obxectivos necesarios que precisa a nova titulación, son un compromiso previsto, sempre en función das disposicións orzamentarias que os órganos gobernamentais aproben en cada exercicio no Centro'."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia







XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 61444**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e don Modesto Pose Mesura sobre **"os datos relativos á incidencia do pechamento do Hospital de Toén no número de camas do Complexo Hospitalario de Ourense, as condicións de seguridade do Hospital de Santa María e as obras necesarias para habilitar novas camas"**, (publicada no BOPG núm. 434, do 21 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O complexo Hospitalario de Ourense, tralo peche do Hospital de Toén, continuará co mesmo número de camas das que dispón ata agora.

Precisar tamén que o Hospital de Piñor disporá de 68 camas para os doentes psiquiátricos.

Quedarán reservadas as camas da primeira planta do Hospital de Piñor, para momentos de sobrecarga asistencial.

O número de camas do que dispón o Hospital Santa María Nai actualmente é de 106 camas.

Este edificio non está afectado por aluminose. En canto ás condicións de seguridade, o ano pasado, realizouse unha auditoría de tódolos falsos teitos, estruturas e parámetros e corrixíronse as deficiencias detectadas.





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

A habilitación de camas pasará polo cambio do mobiliario; tratárase fundamentalmente de recuperar espazos que xa foron habitacións e que contan coas instalacións axeitadas.



As modificacións non afectan para nada ao Plan Director.

Non son necesarias obras.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

  
  
Roberto Castro García  
h


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 61450**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e don Modesto Pose Mesura sobre **“os datos referidos ás excepcións admitidas dende a entrada en vigor do novo Catálogo de fármacos implantado en Galicia”**, (publicada no BOPG núm. 434, do 21 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 12/2010, do 22 de decembro, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 3.4: ‘A Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica establecerá o mecanismo para a proposta de autorización de determinadas casuísticas excepcionais por necesidades terapéuticas que permitan a prescrición de medicamentos inicialmente non incluídos no catálogo’.

A Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica adoptou por unanimidade na sesión celebrada o 28 de decembro de 2010, e para dar cumprimento a dita normativa, o acordo mediante o cal se procedería a canalizar ditas peticións á Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica e que sería esta quen, trala avaliación da información remitida, emitiría autorización ou denegación da petición.

No período que estivo en funcionamento o catálogo priorizado de produtos farmacéuticos ata que se ordenou a suspensión da aplicación da Lei 12/2010 polo Tribunal Constitucional, eleváronse a CACFT seis peticións de exclusión ao catálogo.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Dende o Servizo Galego de Saúde, déuselle a maior publicidade a Lei 12/2010. Así:

- Realizáronse sesións de presentación en todas as xerencias de atención primaria e dos hospitais.
- Mandóuselles información detallada a todos os facultativos prescritesores do Sergas.
- Habilitáronse espazos na intranet do Sergas para axuda e teléfonos de contacto para solventar dúbidas.
- En canto ao procedemento de excepción estivo accesible no módulo de prescrición IANUS e na Intranet do Sergas no espazo dedicado ao catálogo.

Polo que respecta a poboación, enviouse para a súa posta a disposición dos usuarios, material informativo a todos os centros de saúde e hospitais. Así mesmo repartíronse cerca de 17.000 exemplares deste material nos Colexios Oficiais de Farmacéuticos para a súa distribución nas oficinas de farmacia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


  
Roberto ~~Castro~~ García  
h

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 61452**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e don Modesto Pose Mesura, sobre **"as razóns existentes para o traslado dos lactantes a outra planta, ao remate da obras que se están a realizar nos espazos destinados á atención pediátrica no Complexo Hospitalario de Ourense, e as melloras previstas nas condicións e instalacións que ocupan estes pacientes"**, (publicada no BOPG núm. 434, do 21 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A razón fundamental para trasladar os lactantes da planta é a xestión eficiente, que implica a optimización dos recursos asistenciais na área de hospitalización pediátrica, xa que nos últimos anos a ocupación media nas plantas de lactantes, preescolares e escolares non alcanza o 40%, coa conseguinte infrautilización dos recursos humanos e materiais asignados a cada planta. Así mesmo, o espazo liberado na segunda planta permite ampliar as consultas externas e reubica axeitadamente a Atención Temperá e a Unidade de Saúde Mental Infanto Xuvenil.

As melloras nas condicións asistenciais dos lactantes son evidentes, xa que a nova ubicación permite dispor dunha maior amplitude e intimidade para os nenos e familiares e permite un illamento efectivo de pacientes, en caso necesario, ao dispor de dúas habitacións individuais.



Maior confort para os familiares dos doentes, cun aseo por cada dúas cunas (exclusivo para uso dos pais dos cativos), un cambiador, un baño para o lactante, maior intimidade dos pais para cos nenos, maior superficie por berce, etc.

Disporáse de máis espazo e a nova situación terá un control aberto e ubicado na metade da planta, que facilitará ao persoal de enfermería ter un control exhaustivo sobre os doentes de curta idade que se atopen ingresados naquela.

Na situación anterior existían dúas bañeiras para toda a Unidade, nas novas instalacións existe unha bañeira en cada habitación de lactantes.

Nesta Unidade facilítase a actividade diaria do persoal de enfermería ao dispor de espazos mais amplos, habitacións individuais onde se poden illar os nenos con problemas e almacéns cunha amplitude moi superior ao da actual Unidade.

A unidade de lactantes actual conta con dezaseis berces e a nova Unidade contará con vinte.

Os lactantes dipoñen de berces, non de camas, todos con acceso ás instalacións de gases medicinais.

Fronte ao control de enfermería hai unha habitación con capacidade para tres berces e adaptada a este tipo de pacientes non acompañados. As habitacións terán contacto visual cos corredores, como na ubicación actual.”



**XUNTA DE GALICIA**


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 61664**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luísa Bouza Santiago e varios/as deputados/as máis, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dun acordo con Portugal para converter o Hospital Comarcal de Verín nun complexo transfronteirizo no que tamén se preste atención sanitaria a pacientes do norte dese país, nomeadamente nos partos, e as posibles repercusións no hospital galego"**, (publicada no BOPG núm. 435, do 22 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información requirida nesta iniciativa xa foi facilitada aos autores da mesma ao darlle resposta á pregunta 61670 na sesión plenaria do 12/04/2011. Remitímonos ao alí exposto."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 61986**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e don Modesto Pose Mesura, sobre **"a data prevista pola Xunta de Galicia para materializar o seu compromiso de dotar dun servizo de fisioterapia de atención primaria aos centros de saúde de Trives e O Castro"**, (publicada no BOPG núm. 439, do 28 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"No momento actual non é posible dotar esta unidade, por falta de espazo, nestes centros de saúde."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
20 MAI. 2011
Núm. <b>65092</b>

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
20 MAI. 2011
<b>SAÍDA</b>
Núm. <b>7778</b>

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 62088**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre "**a evolución dos pagamentos pendentes aos provedores da Consellería de Sanidade**", (publicada no BOPG núm.: 439, do 28 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Nos centros hospitalarios e nas xerencias de atención primaria do Servizo Galego de Saúde, o período medio de pago foi de 59,43 días no exercicio 2009 e de 78,32 días no exercicio 2010. O Goberno galego seguirá cumprindo co seu compromiso de xestión eficiente e responsable, que o sitúa entre as CCAA máis solventes."



XUNTA DE GALICIA



CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección: Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 62321**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana L. Bouza Santiago e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"as razóns da Consellería de Sanidade para excluír a lingua galega para a presentación de ofertas ou solicitudes de participación nunha campaña publicitaria de prevención do alcoholismo anunciada no Diario Oficial da Unión Europea"**, (publicada no BOPG núm. 439, do 28 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O 12/03/2011 publicouse no DOUE o anuncio de licitación de referencia 2011/S 50-082311 que corresponde ao contrato denominado Campaña publicitaria prevención de consumo de alcohol en menores' de referencia AB-CON1-11-002. No apartado I.1 do dito anuncio se establece que os pregos de condicións poden obterse na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)). No apartado IV.3.6) deste anuncio consta que a lingua na que pode redactarse a oferta ou solicitude de participación é o 'español'.

A cláusula 12.2.6 do prego de cláusulas administrativas que rexe dita contratación e que está publicado no perfil do contratante do Servizo Galego de Saúde di textualmente: 'Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan



carácter de auténticas ou compulsadas por funcionarios da Xunta de Galicia conforme á lexislación vixente na materia, excepto o documento acreditativo da garantía provisional, no seu caso, que haberá de achegarse en orixinal. Así mesmo, **os licitadores presentarán a súa documentación en castelán ou galego.**'

Os pregos de cláusulas administrativas particulares xunto cos de prescricións técnicas, que teñen que cumprir coas disposicións normativas vixentes en materia de contratación pública, son os documentos esenciais determinantes nos expedientes de contratación e as cláusulas neles contidas non poden ser modificadas por un anuncio de licitación.

Antes de ser publicados no perfil do contratante do Servizo Galego de Saúde, os pregos son sometidos ao informe da asesoría xurídica para garantir a súa conformidade coa Lei de contratos do sector público e as disposicións normativas de desenvolvemento.

Os anuncios de licitación non teñen outro obxecto que informar da existencia do procedemento e o seu contido pode, nalgúns casos, conter información incompleta ou parcial, que non é vinculante pois haberá que estar ao establecido nos pregos de contratación que son os que rexen o procedemento de contratación.

Os modelos de envío de anuncios á Unión Europea non recollen todas as linguas nacionais dos estados membros, en concreto para o caso de España só recollen o español e para poder facer referencia a outras linguas teñen un campo de texto libre."



**XUNTA DE GALICIA**


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIONES PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 62347**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luísa Bouza Santiago e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **“as previsións de mellora do tratamento do cancro de mama dispensado ás mulleres da comarca do Morrazo”**, (publicada no BOPG núm. 439, do 28 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As mulleres de Cangas e Moaña non padecen ningunha discriminación no tratamento do cancro de mama, nin en ningún outro aspecto relacionado co acceso e utilización dos servizos sanitarios públicos. Os cidadáns que forman parte da poboación asignada ao Hospital POVISA teñen dereito á mesma atención sanitaria que o resto de cidadáns da nosa Comunidade Autónoma. O proceso asistencial do cancro de mama no Hospital Povisa ten xa dispoñibles todas as técnicas diagnósticas, así como todo o armamento terapéutico do que dispón na actualidade a comunidade científica para loitar contra o cancro de mama e as súas consecuencias.

Por outra banda, as mulleres de Cangas e Moaña, exactamente igual que todos e cada un dos cidadáns de Galicia, teñen dereito a unha segunda opinión médica nos termos dispostos no *Decreto 205/2007, do 27 de setembro, polo que se regula o dereito á segunda opinión médica no sistema sanitario público galego*.

Así mesmo, o Hospital POVISA está acollido aos mesmos protocolos de coordinación entre a atención primaria e a atención especializada que o resto de hospitais do sistema público, dentro do programa de *Mellora da accesibilidade*



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*dos pacientes con sospeita de cancro. En concreto neste caso trátase do **circuíto asistencial rápido para pacientes con sospeita de cancro de mama**, que é un circuíto / fluxo asistencial que garante aos pacientes con sospeita de cancro de mama a máxima axilidade e coordinación dos dispositivos asistenciais, procurando que o tempo que transcorra dende o diagnóstico de sospeita ata a actividade terapéutica non sexa superior a 30 días."*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 62426**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e varios/as deputados/as máis, sobre **“os motivos alegados no recurso administrativo presentado contra a adxudicación das obras para a construción do novo hospital de Vigo, as actuacións paralizadas e o seu impacto no calendario previsto para este fin”**, (publicada no BOPG núm. 443, do 4 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Fundamentan o recurso en que a oferta adxudicataria non se axusta ás prescricións dos pregos que rexen a contratación e que a devandita adxudicación vulnera o principio de concorrencia e o dereito á tutela xudicial efectiva. Neste intre o devandito recurso está retido polos recorrentes.

Así, o recurso foi presentado o 28 de xaneiro e, por disposición legal, quedou en suspenso o procedemento. Esta suspensión legal foi levantada por resolución do 14 de febreiro de 2011.

A adxudicación definitiva do contrato foi comunicada o día 18 de xaneiro, abríndose o prazo legal previsto para a súa formalización, artigo 140.3 da LCSP (no prazo de cinco días hábiles transcorridos os 15 días hábiles previstos no artigo 314.2). Así teríamos que ter formalizado entre o 7 e o día 10 de febreiro e, por mor da suspensión legal, a formalización do contrato realizouse o día 21 de febreiro.





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Polo tanto o retraso, que non paralización, foi de 11 días.

Non houbo paralización, nin repercusión algunha no calendario previsto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 62670**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e varios/as deputados/as máis sobre **“o motivo da visita realizada polo Sr. presidente da Xunta de Galicia aos terreos nos que se vai construír o novo hospital de Vigo, o inicio das obras e o estado dos procesos de expropiación”**, (publicada no BOPG núm. 443, do 4 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O motivo da visita realizada polo presidente Núñez Feijoo aos terreos nos que se construír o novo Hospital de Vigo é o de garantir a realización da obra do mesmo.

En relación a se se teñen iniciado as obras de construción, indicar que se está en fase de preparación dos terreos.

A adquisición do terreo necesario para a construción do novo hospital de Vigo levouse a cabo polo sistema de expropiación, polo procedemento de taxación conxunta.

A devandita adquisición seguiu os trámites legais sinalados para este procedemento, procedéndose a finais do pasado mes de setembro ao levantamento das actas de pago e ocupación, así como ao depósito do prezo xusto de aqueles predios que non se aboaron no momento do levantamento das actas de ocupación, o que en aplicación do artigo 144 da Lei 9/2002, de 30 de



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

decembro, de ordenación do territorio e protección do medio rural, faculta á administración á inmediata ocupación dos bens e dereitos expropiados.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 62694**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e varios/as deputados/as máis sobre **"as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para garantir a liberdade relixiosa individual de todo o alumnado galego, e, nomeada e conxuntamente co dereito á educación, ás nenas que empregan na súa vida cotiá o hiyab, ou velo islámico"**, (publicada no BOPG núm. 443, do 4 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"A Constitución Española de 1978 garante a liberdade relixiosa. Neste senso, hai que lembrar como principios constitucionais básicos en materia relixiosa os seguintes:

- a) a liberdade de conciencia
- b) a igualdade en materia de conviccións
- c) a laicidade do Estado
- d) a cooperación coas confesións e comunidades relixiosas.

Asemade, o exercicio da liberdade relixiosa en España está regulado pola Lei Orgánica de Liberdade Relixiosa (LO 7/1980, do 5 de xullo).



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Este é o marco xurídico vixente na actualidade á espera de que o actual Goberno central presente, tal e como anunciou, o proxecto de lei de liberdade relixiosa que anunciou neste mandato.

Neste contexto, non parece oportuno que a Comunidade Autónoma tome a iniciativa de legislar esta cuestión, xa que existe un corpo legislativo suficiente e, ademais, resolucións ao respecto do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 62783**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e varios/as deputados/as máis, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para paralizar o proxecto de musealización para a entrada en funcionamento do Museo do Viño de Galicia na comarca do Ribeiro, e o calendario previsto para a súa posta en marcha”**, (publicada no BOPG núm. 443, do 4 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Logo das importantes actuacións de rehabilitación integral e acondicionamento executadas pola Xunta de Galicia en anos pasados na Reitoral de Santo André de Camporredondo -antiga granxa do mosteiro de San Martiño Pinarío- o proxecto de montaxe do Museo Galego do Viño neste ben cedido polo Bispado de Ourense atópase na actualidade pendente de dispoñibilidade orzamentaria, entendéndose preciso procurar dar prioridade, no actual contexto de contención do gasto público autonómico, a outras actuacións de dinamización, restauración, conservación e posta en valor do patrimonio galego que se consideran perentorias para a correcta protección da riqueza patrimonial de Galicia.”



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 63361**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e don Modesto Pose Mesura sobre **"as razóns da demora pola Consellería de Sanidade da renovación do convenio asinado co hospital Povisa de Vigo e as súas posibles repercusións, así como a posibilidade da súa subscrición con outra empresa e as ofertas existentes"**, (publicada no BOPG núm. 451, do 14 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O Sergas ten a firme vontade de renovar o concerto e de pechar o ano 2010.

O Sergas ofreceu a POVISA a posibilidade de asinar o peche do ano 2010, coa prioridade de garantir a atención aos pacientes e a estabilidade laboral dos traballadores."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia







XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 63381**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo sobre **"os motivos polos que se exclúe do programa Camiños de Cultura aos concellos que participan na Rede Galega de Teatros e Auditorios"**, (publicada no BOPG núm. 451, do 14 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A actual Xunta de Galicia defende como principio básico de actuación a pluralidade nas súas programacións, tanto no referente aos diferentes espectáculos e disciplinas, como no tocante aos concellos programados, tal e como se vén de demostrar coa organización dun Xacobeo 2010 baseado na descentralización territorial que conseguiu achegar máis de 2.230 eventos e actividades culturais a preto de douscentos concellos de toda Galicia.

A finalidade do programa Camiños de Cultura é -como se recolle literalmente na exposición de motivos desta pregunta- incentivar a programación cultural e espallar a cultura entre a cidadanía galega. Baixo esta óptica, o que se cualifica como unha penalización aos concellos pertencentes á Rede Galega de Teatros e Auditorios é considerado pola Xunta de Galicia como a extensión das actuacións deste programa a concellos que, doutra forma, terían grande dificultade para programar eventos culturais.

En total, no programa Camiños de Cultura participan 163 concellos; unha importante cifra que, sumada ao número de concellos pertencentes á Rede



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Galega de Teatros e Auditorios, fai que a intervención da Consellería de Cultura e Turismo -só a través destes dous programas- chegue a máis de 200 concellos galegos, cumprindo co obxectivo de achegar a cultura á nosa cidadanía.

Pola súa banda, os concellos que pertencen á Rede Galega de Teatros e Auditorios en ningún caso son concellos excluídos no eido cultural, senón todo o contrario. Neste sentido, os cambios de normativa introducidos na rede facultan a que os concellos podan deslocalizar un espectáculo; e a maioría dos concellos que participan na Rede Galega de Teatros e Auditorios tamén colaboran noutros eventos patrocinados ou promovidos pola Xunta de Galicia, como festivais de música, cine ou teatro. Así mesmo, a inversión da Agadic no presente ano, só na Rede Galega de Teatros e Auditorios, ascende a 1.115.000 euros.

En total, Camiños de Cultura programará 564 espectáculos en 163 concellos galegos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


  
Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 63623**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas, sobre **"o impacto na sociedade galega da implantación da televisión dixital terrestre"**, (publicada no BOPG núm. 451, do 14 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

"O 2 de abril de 2010 cesou definitivamente a emisión das sinais analóxicas de televisión terrestre e a sociedade galega entrou na era dixital, culminando *unha etapa de case 50 anos de historia televisiva*. No seu conxunto, o impacto da transición á TDT foi positivo e fíxose sen traumas para a gran maioría dos fogares galegos.

O despregamento dunha nova rede de difusión, especialmente no eido rural, coa participación das administracións Central, Autonómica e Local, foi un exemplo de cooperación e coordinación sen precedentes, o que permitiu acadar unha cobertura dixital por riba do 98% da poboación de Galicia, superando significativamente á cobertura con tecnoloxía analóxica existente nese momento.

Tamén cómpre salientar o incremento no número de programas e servizos de televisión que se poden recibir en calquera entidade de poboación, tratando de igualar os servizos no medio rural cos que reciben os cidadáns das zonas máis



favorecidas, é dicir das áreas urbanas. Concretamente, en moitos casos pasouse de recibir 2 o 3 canais de TV en analóxico a dispor de máis de 24 canles dixitais ofertadas dende o primeiro momento.

Outro aspecto fundamental é a universalización do servizo de televisión, inexistente e impensable ata 2010, e que agora, a través da plataforma satelital, permite recibir o sinal de TDT en aqueles fogares nos que non existía cobertura ou a calidade do sinal non permitía unha correcta visualización dos diferentes programas televisivos. A esta plataforma sumáronse xa máis de 2.500 fogares galegos.

Ben é certo que a previsión inicial de fogares galegos que deberían recorrer ao sistema de recepción satelital multiplicaba por 10 a cifra das instalacións actuais, o que pon de manifesto o mellor grao de cobertura da TDT por medios terrestres logrado finalmente.

De feito, a nivel do Estado, eran case 35.000 os fogares conectados á TDT-Sat a finais de 2010, cifra considerablemente inferior á doutros países do entorno como é o caso de Francia, con máis de tres millóns de fogares conectados ao servizo de televisión por satélite e unha cobertura por vía terrestre menor.

A chegada da TV dixital permitiu ampliar a oferta de canles dispoñibles. Ademais, veu acompañada doutras vantaxes para a sociedade que non permitía a tecnoloxía analóxica. Agora, existe a posibilidade de acceder a programas de TDT libres e de acceso condicional; a emisións con definición estándar SD e tamén en alta definición HD; posibilidade de elixir entre varios idiomas, así como en versión orixinal, con subtítulos, ademais da chamada guía electrónica de programación, que informa sobre a programación actual e próxima dos diferentes canais. Para exemplo da evolución tecnolóxica, lembrar que, salvo a TVG, en Galicia non se podía recibir a televisión analóxica con son estereofónico nin de alta fidelidade.



Facendo unha análise do uso da televisión, os galegos son os que menos tempo pasan diante do televisor, cunha media de 207 minutos ao día, fronte aos 264 minutos dos aragoneses ou os 234 da media española, segundo un estudio elaborado por Barlovento Comunicación a partir de datos de Kantar Media.

Respecto do reparto das cotas de pantalla, a porcentaxe necesaria para liderar a audiencia na grella televisiva caeu en marzo ao seu mínimo histórico en España, o 14,8 por cento, debido á fragmentación da audiencia por mor da irrupción de novos canais coa Televisión Dixital Terrestre (TDT), máis de 25 en aberto a nivel nacional. Hai anos, para liderar a audiencia eran necesarias cotas de pantalla superiores ao 20 por cento.

Esta fragmentación multiplicase se se teñen en conta as cadeas locais, autonómicas e de pago. Así un recente estudio do Observatorio Audiovisual Europeo, situaba a España como o segundo país de Europa con maior número de cadeas de televisión, un total de 1.180, solo superado polo Reino Unido.

En paralelo a esta maior diversidade de oferta, sen ter datos desagregados a nivel de Galicia, o consumo de televisión en España disparouse e non deixa de medrar mes a mes. De feito, o tempo medio que cada cidadán pasou vendo a televisión no pasado mes de marzo incrementouse en 12 minutos respecto ao mesmo mes de 2010.

Tamén en marzo acadouse o máximo mensual da TDT, rozando o 80% respecto doutros consumos televisivos, cunha subida de seis décimas con respecto ao mes anterior. Comparando con outros medios de pago temos a recepción da televisión por cable, (15,1%), que baixa tres décimas e o satélite (4,8 %) que baixa catro décimas, o rexistro máis baixo dos últimos 27 meses.

TVG é a segunda autonómica máis vista, cun 13,7% en marzo, sube un 0.1% respecto do mes anterior, converténdose na terceira cadea máis vista en Galicia. Respecto das audiencias acadadas na etapa de emisións en analóxico, TVG é unha das cadeas autonómicas que menos perden, cun 14% menos de



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

audiencia, moito menos que ETB cun 30%, Canal9 cun 27%, Canal Sur cun 19%, sendo a media da perda de audiencia en España das televisións autonómicas do 17%. As televisións privadas Cope e Voz, acumulan entre as dúas unha porcentaxe do 0,2 por cento.

Respecto do impacto da implantación da TDT local, 2010 é tamén o ano do inicio da televisión local en Galicia. Das 21 demarcacións de televisión local, comezan as emisións de TDT en 11 delas, (Ferrol, Santiago, Ribeira, Lugo, Viveiro, Ourense, Pontevedra, Pontearreas, Salnés, Vigo e Lalín), coa previsión de que en catro demarcacións máis principien as emisións ao longo de 2011.

Ata o 2015 estaremos na migración de frecuencias do chamado "dividendo dixital", organizado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, o que suporá un impacto na sociedade galega que, no menor dos casos, obrigará en varias ocasións a resintonizar os receptores e, nos edificios con antena colectiva, a mudar as cabeceiras de recepción."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 63784**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Henrique Viéitez Alonso sobre **"as obras de construción da estación depuradora de augas residuais na Cañiza"**, (publicada no BOPG núm. 455, do 20 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O orzamento total para a construción da estación depuradora de augas residuais (EDAR) da Cañiza ascende a 1.759.259,71 euros, dos que 550.574,82 euros corresponden á obra civil, 496.496,45 euros aos equipos mecánicos da EDAR, 58.490,91 euros a equipos eléctricos, 19.291,49 euros a seguridade e saúde, 61.288,84 euros a xestión de residuos, 66.713,00 euros a explotación da EDAR, 238.042,55 euros a gastos xerais-base de licitación e 268.361,85 euros ao IVE.

O depósito no monte é un amoreamento temporal do material retirado no movemento de terras necesario para a instalación da EDAR.

Para o depósito cóntase con autorización do presidente da comunidade de montes. Cómpre indicar que unha das parcelas que ocupa a EDAR, xunto á que se sitúa este amoreamento temporal, foi cedida ao concello pola propia comunidade.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O proxecto non contempla o depósito de terras porque, tal como se indica, trátase dun amoreamento temporal que se utilizará de novo para a urbanización das parcelas que ocupa a EDAR unha vez rematadas as instalacións.

O informe sobre o impacto ambiental non procede, polo dito anteriormente, ao ser un amoreamento temporal.

O lugar quedará tal como estaba antes das obras.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
20 MAI. 2011
Núm. <b>65093</b>

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
20 MAI. 2011
<b>SAÍDA</b>
Núm. ....7779

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 63857**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto do remate dos traballos de restauración da capela da Virxe do Camiño e a realización dalgunha inspección para verificar o posible deterioro dos seus elementos"**, (publicada no BOPG núm.: 455, do 20 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia realizou labores de inspección na igrexa da Virxe do Camiño de Muros, estando previsto para finais do mes de maio deste mesmo ano o remate dos traballos que restan por executar neste ben patrimonial.

Os devanditos traballos están incluídos no modificado do proxecto inicial do ano 2008 para a realización das obras de "Acondicionamento e restauración da igrexa da Virxe do Camiño de Muros" e foron contratados no pasado mes de abril do presente ano 2011.

De xeito máis concreto, dado que as obras principais están xa executadas, os traballos pendentes referidos afectan basicamente á instalación eléctrica,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA  
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

que se atopaba nun estado obsoleto e inadecuado, así como á carpintería interior do propio coro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 64185**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e don Ricardo J. Varela Sánchez, sobre **“as previsións da Consellería de Cultura e Turismo respecto da execución das tarefas de mantemento e limpeza necesarias, así como o arranxo das luminarias na muralla romana de Lugo, e as razóns da demora do asinamento do contrato plurianual para o seu mantemento, así como dun convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para a realización das investigacións precisas para ese fin”**, (publicada no BOPG núm. 460, do 29 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A respecto das actuacións de limpeza e mantemento da muralla romana de Lugo cómpre recordar que o pasado ano o tratamento fitosanitario executouse dentro do proxecto de mantemento anual da muralla e de intervención nos cubos XXVII e XXVIII, incluíndose no mesmo dous tratamentos de herbicida e unha retirada da vexetación morta e seca, tratada polo herbicida na primeira das aplicacións. O último destes tratamentos, tal e como establece o Plan de control da vexetación da muralla e prevé o propio proxecto, aplicouse o pasado verán. Así mesmo realizouse, tamén no mes de agosto de 2010, unha limpeza de vexetación e



a restauración do adarve, afectado polas fortes choivas estivais, conxuntamente coa reparación dos pavimentos.

A Consellería de Cultura e Turismo anunciou xa o pasado mes de novembro de 2010 a súa previsión de realizar tarefas de mantemento e limpeza na muralla romana de Lugo na presente anualidade.

En total, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural ten previsto destinar máis dun millón de euros no plan de mantemento da muralla, tal e como ten anunciado a Xunta de Galicia, cunha duración temporal estimada para a execución destes traballos de catro anualidades, ata finais do ano 2014.

O Diario Oficial de Galicia ven de publicar, con data do 11 de maio, a resolución do 6 de maio de 2011 pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto con pluralidade de criterios, do contrato de obras de mantemento da muralla romana de Lugo, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2007/2013.

O proxecto contempla as intervencións necesarias para o mantemento e limpeza da muralla romana de Lugo, que consisten basicamente na realización de tarefas de reposición de cachotería en lenzos, na conservación do pavimento e a impermeabilización do adarve, na retirada de vexetación en campaña semestral e tratamentos fitosanitarios e en reparacións na instalación eléctrica e as luminarias. Actuacións que se corresponden con obras de conservación non só derivadas do mantemento dun inmovible dunhas características tan especiais como as que posúe este ben senlleiro do noso patrimonio, senón tamén das que resultan dos actos de vandalismo e as accións de deterioro ás que está sometida, por ser un espazo público e plenamente accesible sen ningún tipo de restrición.



De xeito concreto, a primeira fase deste Plan, que comezará a executarse este verán, inclúe un investimento de preto de douscentos cincuenta mil euros para execución de traballos de tratamento e limpeza da vexetación, consolidación do pavimento, reposicións, a instalación eléctrica e de iluminación así como outras pequenas obras para a impermeabilización.

Así mesmo, cómpre sinalar que, de forma previa a este contrato, a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, iniciou con data do 9 de maio pasado os traballos de retirada da vexetación do adarve, peitorís, escaleiras e rampla da muralla romana de Lugo, que se estenderán por un período aproximado de vinte días.

Polo que respecta ás luminarias do adarve da muralla, as mesmas foron obxecto dun roubo xeneralizado e organizado que supuxo a total extracción ou deterioro de preto de 160 puntos, máis da metade. Esta acción supuxo, ademais, un estrago na propia instalación que poñía en perigo a seguridade dos usuarios e que xa foi neutralizada. En concreto, trátase dunha instalación de iluminación ornamental instalada no ano 2000, ano ata o que non existía ningunha outra. O proxecto referido prevé a substitución e reposición das luminarias, tal e como se especificou con anterioridade.

No tocante á sinatura de convenios co obxecto de realizar as investigacións precisas para unha mellor conservación da muralla, o proxecto de referencia para a súa execución ata o ano 2014 contempla tamén a partida orzamentaria necesaria para a realización dos devanditos estudos e establece as condicións técnicas para a realización dos mesmos, así como os seus obxectivos que, basicamente, se resumen no seguimento da eficacia dos tratamentos e na programación de alternativas ou traballos complementarios, así como a eficacia e optimización da metodoloxía de intervención.



Así mesmo, no proxecto defínense as características do equipo multidisciplinar e investigador. Porén, en base ao principio de concorrència e á propia natureza da contratación pública, os licitadores ao procedemento poderán achegar un equipo multidisciplinar que, sempre que se axuste aos requirimentos científicos definidos, poida establecer as medidas de control e seguimento que son necesarias e propor os procedementos máis axeitados.

Será polo tanto a mellor oferta no seu conxunto, dentro dos parámetros da libre concorrència e de capacidade, a que realice os estudos, podendo a Universidade de Santiago de Compostela acompañar a oferta de cantos licitadores así o estimen, sempre que garanta os requisitos técnicos que se esixen no procedemento.

Garántese deste xeito o pleno cumprimento do fin último do acordo parlamentario adoptado por unanimidade na Comisión 4ª de Educación e Cultura na súa sesión do sete de setembro de 2010, que non é outro –tal e como recolle literalmente o texto aprobado- que a realización de novas investigacións sobre os problemas de mantemento e de crecemento da vexetación na muralla Romana de Lugo e a busca dos tratamentos máis axeitados para a óptima conservación do monumento.

Cómpre indicar que a Universidade de Santiago de Compostela é a entidade que realizou os estudos e investigacións, en convenio coa Xunta de Galicia, nas que se basean os protocolos actuais de tratamento fitosanitario, estudos que servirán de base para o seguimento e alternativas que durante os vindeiros anos se realicen.”



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Casado García

The stamp is circular and contains the following text: "XUNTA DE GALICIA" at the top, "DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS" around the perimeter, and "ROBERTO CASADO GARCÍA" in the center. The signature is written in black ink over the stamp.

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

**BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**ESTRUTURA**

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
    - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
    - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
    - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
  2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
    - 2.1 INVESTIDURA
    - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
    - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
  3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
    - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
    - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
    - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
    - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
    - 3.5 MOCIÓNS
    - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
      - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
      - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
    - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
    - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
  4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
    - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
    - 4.2 INTERPELACIÓNS
    - 4.3 PREGUNTAS
    - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
    - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
  5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
    - 5.1 SOLICITUDE O GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
    - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
    - 5.3 VALEDOR DO POBO
    - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
    - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
  6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
    - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
    - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
    - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
    - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
    - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
    - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
    - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
    - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
    - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
    - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
    - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
  7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
    - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
    - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
    - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
  8. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA
    - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
    - 8.2 PERSOAL
    - 8.3 ACTIVIDADES
  9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
    - 9.1 INFORMACIÓNS
    - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-





## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727